




1. EMPRAZAMENTO



DATOS XERAIS

Comarca: Mariña Lucense. Sector: Mariña Occidental. Municipio: Xove. Parroquias: San Tirso de Portocelo e San Pedro de Xuances. Extensión: 0,91 km²

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Unidade de acantilados verticais e dinámicos con grandes praias de bloques e coios ao pé. O cantil dá paso a unha vertente regular de pendente moderada e orixe tectónica cerrada por suaves elevacións que lle confiren aspecto de cunca sobreelevada.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

A unidade entra no dominio herciniano, cun granito de dúas micas, especie máis abundante, e unha área de granodiorita e tonalita, orientadas ao sudoeste da enseada de Coído. Por último, aparecen enclaves de gneises migmatizados de idade precámbrica no lugar de Vilachá, nunha banda que atravesa a unidade en dirección NO-SE dende a enseada de Coído, e no Monte da Canteira. Unha falla afecta, en dirección ONO-ESE á parte alta da unidade.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Pequena unidade entre acantilados integrada no mesmo dominio climático Cálido e Seco que caracteriza boa parte deste sector da costa lucense: precipitacións por debaixo dos 1000 mm anuais e temperaturas suaves ao longo do ano cunha media anual superior a 14° C.

OS SOLOS

Solos en xeral pouco evolucionados, onde dominan os regosoles arredor dos montes da Canteira e Penouzos, e na parte central da cunca o tipo umbrisol dístico, que poden evolucionar en condicións favorables cara a cambisoles.


AS AUGAS

Vertente costeira carente de rede fluvial de importancia, que configura unha pequena cunca arredor do núcleo de Vilachá. As augas continentais conflúen na enseada do Coído, sobre a masa de Augas Costeiras 20114.

O PATRIMONIO NATURAL

Costa do IBA Punta Candieira-Ría de Ortigueira-Estaca de Bares. Os acantilados atopan protexidos polo LIC Costa da Mariña Occidental. Neles, e pola aparición de coídos de certo tamaño, destacan os hábitats 1230 de acantilados atlánticos e 1210 de vexetación anual sobre refugallos mariños acumulados. A intensa actividade agraria tradicional que rodea a aldea de Vilachá fai que se presenten, na actualidade, algúns importantes bosquetes de frondosas autóctonas de recolonización.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

Existe un predominio dos espazos cultivados que ocupan a práctica totalidade do solo da unidade e que ademais presentan unhas peculiares e interesantes sebes vivas que permiten a subdivisión do parcelario. Nas marxes deste parcelario localízanse masas de repoboación e nas zonas máis próximas ao cantil rochoso son predominantes as formacións vexetais costeiras. Ao sudeste da unidade aséntanse os núcleos de poboación responsables do cultivo da agra sinalada.

MORFOLOXÍA

Os límites meridionais da unidade discorren a cabalo entre os dous únicos asentamentos existentes: o barrio de San Tirso de Portocelo e Vilachá. Ambos os dous son agrupacións de carácter tradicional, cuxa economía se basea na actividade agraria que desenvolven sobre a agra na que están situados. San Tirso constitúese, a partir do eixe viario, como un asentamento agrupado arredor dun espazo libre que, presumiblemente, é/foi dedicado a horta, mentres que Vilachá, moi próximo ao anterior, presenta unha morfoloxía lineal ao redor do eixe da estrada.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

Soamente a estrada LU-2607, que discorre realmente por fóra dos límites da unidade, pon en contacto o territorio analizado co contexto xeográfico que a enmarca. Existe unha pequena rede de camiños e pistas, que atravesan o parcelario e permiten o acceso á praia de Coído do fondo do acantilado.

PATRIMONIO HISTÓRICO

Non existen elementos patrimoniais incluídos propiamente nesta unidade. Non obstante, nos asentamentos de Vilachá e o barrio de San Tirso, que están parcialmente incluídos, preséntanse bens de interese cultural como a casa reitoral e igrexa de Portocelo, e a cruz de Vilachá, que xa foron mencionados na caracterización da unidade da enseada de Portocelo.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

Esta unidade caracterízase pola presenza dunha agra ben conservada que presenta unha disposición en bancada con sebes vivas que establecen os lindes do parcelario interior da agra. A mencionada estrutura socalcada do parcelario responde á forte inclinación que presenta a pendente cara ao fondo do acantilado, onde se xerou unha praia de coiros (Coído), froito da incisión erosiva sobre o pé acantilado. Os elementos que determinan a organización espacial do conxunto son, polo tanto, a inclinación da pendente cara ao mar e o eixe viario próximo arredor do que se localizan os asentamentos de poboación da unidade.

DINÁMICA DA PAISAXE**RISCOS E IMPACTOS**

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN**VALORACIÓN DA PAISAXE**

O sector do cantil rochoso e a praia de Coído están incluídos na declaración de LIC e ZEPA, segundo a Directiva Hábitat, e como ZEPVN pola lei galega de espazos naturais. Non obstante, o principal elemento que valoriza esta unidade é o seu parcelario, acomodado progresivamente ás curvas de nivel que presenta a pendente no seu vertixinoso descenso cara ao mar. Deste xeito, as parcelas estrutúranse en sucesivos socalcos, o que permite que o terreo de cultivo manteña certa horizontalidade e facilite os labores agrícolas malia a forte pendente que presenta a ladeira en cuestión. Á marxe da forma do parcelario, é moi salientable o mosaico que xera a existencia de sebes vivas delimitando as parcelas. Isto, ademais de constituir un destacado valor estético, tamén supón un importante refuxio para a fauna que frecuenta estes ámbitos costeiros. Para a observación desta unidade propónse o sector nordés desta, unha zona sobre elevada cuberta de matogueira costeira de doado acceso dende a que se domina todo o conxunto.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Non existen ámbitos de recualificación nesta unidade.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo

- | | |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareais |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros

Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |

Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



